

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL XORNADAS DE FOLCLORE 2026.**

Don José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Don Luis Menor Pérez, en calidade de Presidente da Deputación Provincial de Ourense (en adiante Deputación), con CIF P3200000B, cargo para o que foi elixido na sesión plenaria extraordinaria de data 17 de xullo de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

**EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.



Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Neste caso trátase do Festival de Xornadas de Folclore 2026, socio da CIOFF-España (Confederación Internacional de Organizadores de Festivales de Folclore), organismo integrado na UNESCO, que cunha antigüidade de 41 anos é unha das actividades culturais máis consolidadas e de gran prestixio en Ourense, que a Deputación vén organizando todos os meses de agosto, recibindo a visita de músicos e bailaríns de todo o mundo que participan neste proxecto de música e danza con grande éxito de público en cada un dos concellos nos que se celebran.

En cada unha das súas edición unicamente participan grupos procedentes do estranxeiro, recibindo neste ano 2026 seis (6) delegacións procedentes de Europa: Serbia, Armenia; de América: Ecuador e México; e de Asia: Taiwán; e de África: Kenia, conformando un total de 173 artistas que entre os días 10 e 20 de agosto recorrerán os concellos de Allariz, A Rúa, Bande, O Barco, Carballiño, Castro Caldelas, Celanova, Entrimo, Maceda, Manzaneda, Ourense, Ribadavia, Rives, Verín, Viana e Xinzo da Limia, ofrecendo en todas elas un espectáculo de relevancia internacional. Con capacidade de percorrer 16 concellos, completando a totalidade das 12 comarcas que oficialmente conforman a provincia de Ourense, é capaz de ofrecer espectáculos durante dez (10) días continuos nos que o folclore é o protagonista, ofrecendo deste xeito a única posibilidade de que os habitantes de localidades tan afastadas como Manzaneda, Viana ou Entrimo, poidan coñecer o folclore e a cultura tradicional doutros países.

Durante o festival, cada noite realízanse dous espectáculos en dúas vilas diferentes da provincia, para o que se forman dous equipos tanto no plano artístico, no que tres grupos crean un espectáculo de +/-100min. no que mostran a música, o baile e o vestuario tradicional do seu país, como no loxístico, para o que cada xornada montan e desmontan o material necesario para a realización do espectáculo co seu traslado á



seguinte localidade.

Os participantes no festival "Xornadas de Folclore" son aloxados no CRD-Ourense (Centro Residencial Docente), situado no barrio da Cuña-Mariñamansa, que representa o espazo ideal para a localización durante dez días de agosto deste conglomerado de persoas, ofrecendo a esta área da cidade un crisol de culturas ademais de actividade económica e social. De igual modo, o CRD-Ourense ofrece as instalacións máis apropiadas para este tipo de actividade: aloxamento para a totalidade dos grupos participantes, servizo de cociña e comedor (os participantes almorzarían e comerían no centro), espazos de convivencia, salas para ensaios, oficinas para reunións de traballo e organizativas, salas para almacenaxe de vestiario, instrumentos e outro tipo de aterezo, espazo para aparcamento, carga e descarga de 7 autobuses destinados ao transporte dos grupos e para os vehículos dos membros da organización.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación para a realización do Festival Xornadas de Folclore 2026. As actuacións a realizar dentro do festival son as seguintes:

| LOCALIDADE | Lugar                                     | GRUPOS PARTICIPANTES                               |
|------------|-------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| Ourense    | T. Principal<br>Cerimonia de inauguración | Ecuador, Serbia, Taiwán,<br>Armenia, México, Kenia |
| Bande      | Pza Constitución                          | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| A Rúa      | Parque do Aguillón                        | Armenia, México, Kenia                             |
| O Barco    | Parque Malecón                            | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Celanova   | Claustro do mosteiro                      | Armenia, México, Kenia                             |



|                                                              |                                                           |                                                    |
|--------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| Allariz                                                      | Campo da Barreira (S. Benito)                             | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Maceda                                                       | Rúa do Toural                                             | Armenia, México, Kenia                             |
| Manzaneda                                                    | Patio Colexio                                             | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Verín                                                        | Parque da Pregoza                                         | Armenia, México, Kenia                             |
| C. Caldelas                                                  | Pza do Prado                                              | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Entrimo                                                      | Alameda                                                   | Armenia, México, Kenia                             |
| Carballiño                                                   | Auditorio da Pza da Veracruz                              | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Xinzo                                                        | Desfile: Toural-Prza<br>Festival: Praza                   | Armenia, México, Kenia                             |
| Viana                                                        | Prz Maior                                                 | Ecuador, Serbia, Taiwán                            |
| Trives                                                       | Patio Sta. Leonor                                         | Armenia, México, Kenia                             |
| Ourense                                                      | Desfile: P. S. Lázaro-Pz.<br>Maior<br>Festival: Pz. Maior | Ecuador, Serbia, Taiwán,<br>Armenia, México, Kenia |
| Ribadavia                                                    | Auditorio Castelo<br>Clausura do festival                 | Ecuador, Serbia, Taiwán,<br>Armenia, México, Kenia |
| Partida dos grupos cara outros festivais/país de procedencia |                                                           |                                                    |

Custo das actuacións: 199.631,64 €

1. Grupo folclórico ARMENIA – ARMENIAN STATE: 1.500,00€
2. Grupo folclórico MÉXICO – COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA FOLKLÓRICA DE NIEVES PANIAGUA: 1.750,00€
3. Grupo folclórico SERBIA - FOLK DANCE GROUP "TUCOVIC": 4.260,00€
4. Grupo folclórico ECUADOR -ELENCO ÑUKANCHIK: 2.880,00€
5. Grupo folclórico KENIA -KIKWETO AFRIKA MUSIC AND DANCE: 2.500,00€
6. Grupo folclórico TAIWÁN - YITZY FOLK DANCE THEATRE: 3.000,00€
7. Seguro GRUPOS: 1.000,00€
8. Autobuses para transportes dos grupos participantes: 35.916,71€
9. Montaxe e decoración de 16 espectáculos : 13.915,00€



- 10. Sonorización e Iluminación de 16 espectáculos: 64.000,00€
- 11. Manutención (almorzo e comidas no CRD-Ourense): 30.479,35€
- 12. Aloxamento dos grupos durante o festival: 15.000,00€
- 13. Presentación dos Espectáculos 1: 1.150,00€
- 14. Presentación dos Espectáculos 2: 1.150,00€
- 15. Presentación dos Espectáculos 3: 1.150,00€
- 16. Limpeza: 7.768,20€
- 17. Seguridade: 880,98€
- 18. Papelería e copiadora: 435,60€
- 19. Cartelería e folletos: 2.395,80€
- 20. Cobertura Prensa: 1.750,00€
- 21. Fotógrafo Oficial: 1.750,00€
- 22. Dirección Artística: 3.000,00€
- 23. Imprevistos (-1.000€ por factura): 2.000,00€

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, porque se trata dun festival único, tanto en duración (10 días), como en grupos participantes (6), como en espectáculos realizados, e consolidado, xa que se vén realizando dende o ano 1984, con capacidade de percorrer 16 concellos, completando a totalidade das 12 comarcas que oficialmente conforman a provincia de Ourense . A Deputación de Ourense é o único organismo con capacidade para organizar este tipo de eventos na Provincia de Ourense, e é o único de Galicia comprometido na súa realización, cumprindo así cunha das súas máis destacadas funcións, como é dar servizo aos concellos que a conforman.

Por todo o anterior, a Deputación é a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo



esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

## **SEGUNDA.- Obrigas da Deputación**

A Deputación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Deputación deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Deputación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que a Deputación cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.



A Deputación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Deputación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Deputación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar á Deputación a cantidade de 29.000 €, como contribución para a realización das Xornadas de Folclore 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2015 00370.



Esta cantidade, 29.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos



gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A Deputación presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da deputación, co visto e praxe do presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - 1.- O cumprimento da finalidade da subvención. Número de asistentes
  - 2.- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de



pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe; ou, se é o caso, declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Xustificante de presentación das contas xerais de 2025 no Consello de Contas.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Deputación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora



correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación que non poderá superar o 80% do importe subvencionado, máximo de 23.200,00 €. O pagamento restante, 5.800 €, pagarase no momento da completa xustificación pola Deputación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

A Deputación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

No caso de que a Deputación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades. A concesión de anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 6 do



Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que o beneficiario/a está obrigado/a á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

#### **SEXTA.- Comisión de Seguimento**

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de acordo co establecido no dito artigo.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente. Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de*



*modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.*

*Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."*

De acordo co artigo 14.1.n da lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que hai que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

*a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.*

*b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente o investimento non efectuado ou non xustificado.*

Segundo o disposto no artigo 7 do decreto 193/2011:

*"Unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de realización da actuación".*

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes



aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

## **NOVENA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5



de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **DÉCIMA.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

O presidente da Deputación Provincial de Ourense

Luis Menor Pérez

